En decembro de 2025, o Instituto Nacional de Estatística (INE) fixo públicos datos tremendamente preocupantes a respecto deste problema. Referíndose á anualidade de 2024, esta entidade asegura que abandonaron o noso país até 36.704 persoas, o que supón a cifra máis elevada no que vai de século XXI. Segundo estas cifras, 20.244 das persoas emigradas foron a lugares do Estado español e 16.460 a outras partes do mundo, establecéndose maioritariamente nos destinos clásicos da emigración galega no continente europeo. Así, Madrid, Catalunya, Andalucía e Canarias voltaron ser os destinos de acollida máis comúns de galegas e galegos dentro do Estado español. Do total de emigradas e emigrados galegos ao longo de 2024, 37,9% tiñan menos de 35 anos de idade.

Pola súa parte, no ano anterior, 2023, abandonaron o país un total de 36.028 galegas e galegos, 19.950 persoas con destino a diversos puntos do Estado español, con

Asinado o día 09/01/2026 ás 13:01
Por Ramón Fernández Alfonzo
Asinado o día 09/01/2026 ás 13:01
Por Iago Suárez Fernández
CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Madrid como primeiro territorio receptor, e 16.078 a diversas partes do planeta, co continente europeo como primeiro destino. Así, e de acordo cos datos do INE, a emigración ascendeu en 2024 en 626 persoas en relación coa anualidade anterior.

Se ollamos ao total de persoas emigradas desde a volta do PP ao goberno da Xunta en 2009, os datos reflicten que até 487.297 persoas residentes na Galiza emigraron entre 2009 e 2024. As cifras recollidas no histórico do INE rexistraron, nese período, 311.385 emigrantes galegas e galegos ao Estado español e 175.912 a outras partes mundo. Non é de estrañar, por tanto, que Galiza adoeza de moi serios problemas derivados desta situación. O devalo demográfico que sofre o noso país explícase en moi boa medida con estes datos na man, datos que son provocados pola falta de oportunidades laborais, o problema do acceso á vivenda e os baixos salarios que no noso país se pagan. Todos estes problemas aos que o goberno do PP na Xunta debería pór solución.

Mentres todo isto acontece, pouca intención vemos desde o Grupo Parlamentar do BNG por parte do goberno galego de tomar as medidas necesarias para pór fin a esta lacra que tanta afecta ao pobo de Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- É coñecedora a Xunta de Galiza dos datos publicados polo INE a respecto da emigración galega?

- Está preocupado o goberno galego ante estes datos?

- A que cre que se deben os preocupantes datos de emigración que afectan especialmente a mocidade galega?

- Por que non tomou as medidas suficientes a Xunta para tentar evitar a emigración de mozas e mozos do noso país?



CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:02:50
Nº Rexistro: 44589
Data envio: 09/01/2026 13:02:50.306

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Ten pensado facer algo ao respecto o goberno galego?

- Que resposta dá aos centos de millares de galegas e galegos que se viron forzados a emigrar desde o ano 2009?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:02:50
Nº Rexistro: 44589
Data envio: 09/01/2026 13:02:50.306

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 09/01/2026 13:01:07

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/01/2026 13:01:13

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:02:50
Nº Rexistro: 44589
Data envio: 09/01/2026 13:02:50.306

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 13:02:51**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Risga é unha prestación que pode ser solicitada por persoas ou unidades de convivencia en situación de risco ou exclusión social que cumpran, entre outros, os requisitos de: residencia efectiva e legal en Galicia, idade entre 25 e 65 anos, ingresos inferiores aos límites establecidos en función do número de membros da unidade de convivencia e con unha avaliación previa dos servizos sociais municipais que determine a situación de exclusión.

As contías calcúlanse en función do tamaño da unidade de convivencia, os ingresos totais desa unidade e os diferentes tramos que se poidan aplicar (como inserción, complemento de alugueiro, etc.)

Tomando coma base o IPREM, para o 2025 as achegas variaron entre 469,20 euros a 840 euros.

As contías calcúlanse en función de:

1. O tamaño da unidade de convivencia.
2. Os ingresos totais desa unidade.
3. Diferentes tramos que se poidan aplicar (como inserción, complemento de alugueiro, etc.).

Fóra diso, hai complementos por inserción (p. ex., 90€ ou 210€/mes se se participa en formación) e un tramo de transición ao emprego cando se consegue traballo. Así como hai que cumprir coas diferente obrigas da persoa beneficiaria que debe participar nas medidas de inserción, comunicar os

Asinado o día 09/01/2026 ás 18:26
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 09/01/2026 ás 18:26
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44622
Data envío: 09/01/2026 18:29:19.088



cambios de situación, destinar o diñeiro ás finalidade para as que foi concedida e non exercer actividades ilegais ou en economía sumerxida.

Pois ben, desde a implantación do Ingreso Mínimo Vital, o número de persoas que perciben a Risga en Galicia descendeu de modo significativo, xa que moitas familias optan primeiro ao IMV.  E a Risga é subsidiaria a ese, xa que a lexislación establece que non se pode cobrar a Risga se xa se recibe outra prestación igual ou superior. Isto non significa que deixase de ser útil, dado que dá acceso a medidas de acompañamento e formación.

Pois ben, coñecido a cometido desta prestación e tamén o descenso experimentado pola introdución do IMV, rexístranse retrasos na hora de tramitar esta prestación; dándose o caso de varia familias que levan esperando pola resolución do RISGA máis de 5 meses. Este retraso supón un deterioro exponencial no ámbito das persoas solicitantes, lastrando a finalidade do recurso e mesmo sometendo ás familias a situación de inseguridade e falta de apoio nunha situación que estímase límite.

Por tal motivo, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Cales son os obxectivos que ten marcado a Xunta de Galicia respecto a tramitación do Risga para as persoas en risco de exclusión?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44622
Data envio: 09/01/2026 18:29:19.088

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 18:26:12**

**Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 18:26:20**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44622
Data envio: 09/01/2026 18:29:19.088

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 18:29:19**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44628
Data envío: 09/01/2026 18:55:15.528

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Os servizos de urxencias dos hospitais galegos están a vivir unha situación xeneralizada de sobresaturación que, en numerosos casos, deriva nun auténtico colapso asistencial. Esta realidade ten consecuencias directas no funcionamento ordinario do sistema sanitario público e na atención que recibe a cidadanía.

No Hospital Montecelo, a presión asistencial nas urxencias chegou a ser tal que se fixo necesaria a reprogramación de intervencións cirúrxicas non urxentes. En Santiago de Compostela, con máis de 500 persoas atendidas nun só día e pacientes permanecendo en corredores, tamén se puxo de manifesto a sobrecarga que soportan estes servizos. Pola súa banda, o persoal sanitario do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña vén denunciando o colapso grave nas urxencias, con doentes atendidos en corredores, falta de camas dispoñibles e tempos de espera claramente inasumibles.

Estes exemplos ilustran unha problemática que afecta ao conxunto do sistema sanitario galego, aínda que é a área sanitaria de Vigo a que está a asumir a maior presión asistencial. Alí, a gravidade da situación levou aos traballadores e traballadoras dos servizos de urxencias a convocar paros diarios como forma de protesta ante un escenario que consideran insostible e que require respostas inmediatas por parte da Xunta de Galicia.

O Conselleiro confirma que a incidencia da gripe provocou un incremento da taxa de hospitalización en todas as áreas sanitarias, sendo a área de Ourense-

Asinado o día 09/01/2026 ás 18:52
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 09/01/2026 ás 18:52
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Verín e O Barco a que rexistra o maior número de ingresos. Tamén achega datos que indican que na segunda quincena de decembro se rexistraron máis de 50.000 urxencias hospitalarias.

Non obstante, o máis preocupante é que o Conselleiro, na súa comparecencia do 8 de xaneiro, afirmou que o sistema respondeu "con normalidade e sen incidencias destacables", mantendo "todos os medios operativos".

A realidade obriga, con todo, a apartar os mensaxes triunfalistas da Xunta e do Conselleiro de Sanidade e a analizar con rigor a situación actual. É certo que a gripe ten impacto nos servizos de urxencias hospitalarios, pero tamén é innegable que estes servizos sufriron problemas de forma habitual, debido a unha paradoxa non nova: menos consultas en atención primaria e maior presión sobre as urxencias hospitalarias.

Pedimos que a Xunta sexa consciente da realidade das urxencias hospitalarias: saturacións permanentes, atrasos na atención, hacinamento de persoas enfermas, deterioro progresivo da calidade asistencial e sobresaturación do persoal sanitario.

A solución non pode recaer exclusivamente no esforzo persoal e na improvisación permanente. Un modelo destas características resulta claramente insostible no tempo e evidencia a necesidade urxente de adoptar medidas estruturais que garantan unha atención nas urxencias sanitaria segura e de calidade.

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44628
Data envio: 09/01/2026 18:55:15.528

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que medidas está disposta a adoptar a Xunta de Galicia para que non se volvan a producir saturacións e colapsos nas urxencias dos hospitais galegos?
2. Que pensa a Xunta de Galicia dos pacientes que estiveron en corredores nas urxencias dos hospitais galegos?
3. Vai a Xunta de Galicia incrementar os recursos humanos dos servizos de urxencias de Galicia?
4. Vai a Xunta de Galicia incrementar os recursos humanos en atención primaria para que realmente sexa esta a porta de entrada á sanidade pública?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44628
Data envio: 09/01/2026 18:55:15.528

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 18:52:08**

**Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 18:52:14**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44628
Data envio: 09/01/2026 18:55:15.528

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 18:55:16**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:53:30
Nº Rexistro: 44812
Data envio: 12/01/2026 10:53:30.321

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Secundino Fernández Fernández**, **Sonia Vidal Lamas** e **Ariadna Fernández González**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a falla de iniciativas para evitar o abandono das explotacións agrogandeiras galegas e a falla de remuda xeracional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas décadas a poboación ocupada no sector agrario experimentou en Galiza unha intensa caída. Nos últimos anos os afiliados á seguridade social no sector agrario en Galiza descenderon un 40%. Si concretamos temos que nos últimos 15 anos pasamos de 50.000 persoas a 30.000; é dicir dende o ano 2010 perdemos 20.000 persoas no sector agrario galego.

Esta diminución veu acompañada dun crecente incremento da idade das e dos titulares das explotacións agrogandeiras. O resultado deste intenso avellentamento vese no número de explotacións dirixidas por menores de 35 anos e o de maiores de 55 anos. Segundo os datos do Censo Agrario de 2020, só o 3,5% teñen á súa fronte unha persoa menor de 35 anos, mentres que o 72% dos titulares de explotación teñen 55 ou máis anos de idade. Estes datos eran do 2020 a día de hoxe agudizouse polo que a media de idade das persoas titulares de explotacións agrarias xa escalou a 63 anos

Estes datos poñen de manifesto a existencia dun importante problema de remuda xeracional no sector. Un problema que acada en Galiza unha especial gravidade. A situación afecta en maior medida ás pequenas explotacións, pero tamén a unha

Asinado o día 12/01/2 10:50 Por Ariadna Fernánde
Asinado o día 12/01/2026 ás 10:49 Por Sonia Vidal Lamas
Asinado o día 12/01/2026 ás 10:49 Por Secundino Fernández Fernández
CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4 Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

porcentaxe importante das de mediana e grande dimensión, nas que o titular ten 55 ou máis anos e non conta con remuda familiar asegurada.

O problema que trae consigo este avellentamento tan acusado dos titulares das explotacións ten unha grande transcendencia dende todos os puntos de vista. Así este grave problema das nosas explotacións traerá consecuencias nefastas nos seguintes aspectos:

• Aspecto económico, de produción de alimentos e de garantir a actividade agraria para o que é imprescindíbel que haxa unha remuda xeracional.

• Perspectiva social para o que é necesario para manter o tecido social nas áreas rurais; sen explotacións agrogandeiras desaparecerá o noso rural tal e como o coñecemos

• Xestión do territorio e usos da terra. Cambios que provocan problemas entre os que podemos destacar o incremento de superficies abandonadas e o conseguinte risco de grandes lumes

• Perspectiva ambiental, conservación e xestión de recursos naturais, paisaxe e biodiversidade. As explotación agrogandeiras levan centos de anos no pais e polo tanto temos ambiente, paisaxe e biodiversidade fortemente entrelazado coa actividade agraria

Estas consecuencias si son froito das políticas aplicadas polo Partido Popular a fronte da Consellería do Medio Rural dependente da Xunta de Galiza. Unhas políticas que levan o agro galego a unha situación critica. As políticas da Xunta de Rueda son inexistentes e non aportan ningún incentivo para que a poboación galega e os posíbeis inmigrantes se incorporen as explotacións agrogandeiras da nosa terra.



CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG mostramos en numerosas ocasións esta problemática e expuxemos as críticas as nefastas actuacións da consellería do medio rural deste goberno do PP na Xunta de Galiza. Actuacións do PP no goberno da Xunta que levan ao abandono e a falla de interese por parte das mozas e mozos con respecto a posibilidade de incorporarse a unha explotación agraria.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que opinión ten a Xunta de Galiza sobre a evolución do número de explotacións agrogandeiras en Galiza nas últimas dúas décadas?

Ten a Xunta de Galiza algún informe ou estudo sobre o número de explotacións agrogandeiras con perspectivas de futuro na Galiza?

-Que políticas ten deseñadas a Xunta de Galiza para incrementar a remuda xeracional nas explotacións agrogandeiras na Galiza?

Para a Xunta de Galiza que é unha explotación viábel?

Que políticas específicas ten deseñadas a Xunta de Galiza para evitar o peche das nosas mellores explotacións agrogandeiras?

Que medidas pretende tomar a Xunta de Galiza no 2026 para manter, atraer poboación inmigrante ao rural, especialmente as explotacións agrogandeiras?

Consideran os dirixentes do PP na Xunta de Galiza que as políticas aplicadas son as idóneas para frear esta crítica situación?

Por que non hai remuda xeracional nas explotacións agrarias galegas?

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Preocúpalle ao goberno do PP estes datos sobre o remuda xeracional?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:53:30
Nº Rexistro: 44812
Data envio: 12/01/2026 10:53:30.321

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 12/01/2026 10:49:45

Sonia Vidal Lamas na data 12/01/2026 10:49:53

Ariadna Fernández González na data 12/01/2026 10:50:00

CSV: BOPGDSPG-fI0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:53:30
Nº Rexistro: 44812
Data envio: 12/01/2026 10:53:30.321

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/01/2026 10:53:31**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:57:50
Nº Rexistro: 44817
Data envío: 12/01/2026 10:57:50.242

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 12/01/2
10:50
Por Lara Méndez Lóp

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey** e **Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O proxecto industrial promovido pola empresa ALTRI para a construción dunha macrocelulosa no concello de Palas de Rei foi declarado pola Xunta de Galicia como Proxecto Industrial Estratéxico (PIE), acolléndose a un procedemento extraordinariamente acelerado e cun réxime de garantías reducido respecto da tramitación ordinaria.

Asinado o día 12/01/2026 ás
10:50
Por Paloma Castro Rey

Desde o inicio da súa tramitación, este proxecto xerou unha forte contestación social, institucional e científica, debido ao seu elevado impacto ambiental potencial, á súa localización nunha zona interior de alto valor ecolóxico e produtivo, e ás incertezas existentes sobre o seu impacto real no emprego, na economía local e no modelo forestal galego.

Diversos informes técnicos, alegacións de organizacións ecoloxistas, entidades veciñais, colectivos profesionais e administracións locais alertan de riscos graves sobre:

- O consumo intensivo de recursos hídricos e o impacto sobre a bacía do Ulla.
- As emisións contaminantes ao aire e á auga.
- A afección ao solo, á biodiversidade e ao modelo agrario e forestal.

- A dependencia dun modelo extractivo baseado no monocultivo do eucalipto.

Asinado o día 12/01/2026 ás
10:50
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:57:50
Nº Rexistro: 44817
Data envio: 12/01/2026 10:57:50.242



- A insuficiente avaliación do impacto socioeconómico real e da creación efectiva de emprego de calidade.
-

A maiores, a Xunta de Galicia mantén unha estratexia de opacidade, negándose a facilitar información completa e actualizada sobre o contido dos informes técnicos, os compromisos económicos asumidos pola Administración autonómica, asociadas ao proxecto e os riscos de responsabilidade patrimonial derivados da aplicación dos artigos 85 e 86 do texto refundido da Lei de política industrial de Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que ningún proxecto industrial pode ser imposto ao territorio, nin xustificado baixo a etiqueta de “estratéxico” se non cumpre escrupulosamente cos criterios de sustentabilidade ambiental, viabilidade económica, aceptación social, transparencia e interese público real.
Galicia necesita unha política industrial seria, sustentable e aliñada coa transición ecolóxica xusta, non proxectos que comprometan o futuro ambiental e produtivo do país nin que socialicen riscos mentres privatizan beneficios.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cando vai o Goberno galego, por ostentar a competencia exclusiva en materia de política industria, a ditar a resolución administrativa de autorización, denegación ou renuncia do proxecto ALTRI?
2. En que fase exacta se atopa actualmente a tramitación administrativa e ambiental estratéxica do proxecto de ALTRI?
3. Que obrigas económicas ou xurídicas asumiu a Xunta de Galicia no memorando confidencial subscrito cos promotores do proxecto de ALTRI a través da sociedade pública Impulsa, disolta en agosto de 2025, e que risco de indemnización supón dito acordo para as arcas públicas no caso de que o proxecto non sexa finalmente autorizado?

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:57:50
Nº Rexistro: 44817
Data envio: 12/01/2026 10:57:50.242



4. Considera a Xunta de Galicia que hai risco de responsabilidade patrimonial derivado dunha eventual denegación tardía do proxecto ALTRI? Ten cuantificado ese risco?
5. Como xustifica a Xunta que este proxecto encaixa cos obxectivos de transición ecolóxica, loita contra o cambio climático e diversificación do modelo produtivo galego?

Santiago de Compostela, a 12 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:57:50
Nº Rexistro: 44817
Data envio: 12/01/2026 10:57:50.242

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 12/01/2026 10:50:03**

**Paloma Castro Rey na data 12/01/2026 10:50:10**

**Lara Méndez López na data 12/01/2026 10:50:16**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:57:50
Nº Rexistro: 44817
Data envio: 12/01/2026 10:57:50.242

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/01/2026 10:57:51

CSV: BOPGDSPG-fI0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 12:08:38
Nº Rexistro: 44844
Data envio: 12/01/2026 12:08:38.478

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación das ONGD en Palestina perante o bloqueo da súa actividade por parte do estado de Israel.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses, o estado de Israel comezou a impedir activamente o traballo das entidades de cooperación ao desenvolvemento e axuda humanitaria. Este bloqueo, entre outras cousas, implicou a imposición de novas condicións unilaterais que, na práctica, son imposíbeis de cumprir, tanto por impedimentos técnicos como porque porían en perigo as persoas locais que colaboran con estas entidades, ou incluso porque implican demandas inseguras e excesivas para os seus traballadores e traballadoras.

Trátase dun novo sistema de rexistro obrigatorio que ten o claro obxectivo de impedir o traballo humanitario na faixa de Gaza (e en toda Palestina), deixando nunha situación de aínda máis indefensión as persoas que seguen a vivir alí en condicións infrahumanas. Alén disto, elimina un novo elemento que podería dar testemuño dos crimes cometidos polo estado sionista de Israel, de xeito imparcial e sobre o terreo.

Este proceso implica que o 31 de decembro de 2025 ducias de entidades internacionais deixan de estar legalmente en Palestina, de acordo coa legalidade imposta unilateralmente por Israel. As poucas entidades que si foron quen de cumprir cos requisitos draconianos do estado sionista non poden atender as enormes, e crecentes, necesidades da poboación en termos humanitarios, no que se refire unicamente a cubriren as necesidades máis básicas. Alén disto, este procedemento deixou bloqueadas

Asinado o día 12/01/2026 ás 12:06
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 12/01/2026 ás 12:06
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 12:08:38
Nº Rexistro: 44844
Data envío: 12/01/2026 12:08:38.478

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

na entrada de Gaza enormes cantidades de subministracións destinadas a esta axuda humanitaria, entre as que se inclúe comida, medicamentos ou artigos de hixiene básica.

O cesar fogo creou nunha parte da sociedade occidental a falsa idea de que a situación está resolta para o pobo palestino, cando menos parcialmente. Porén, seguen a producirse asasinatos de poboación civil na faixa de Gaza e o propio bloqueo administrativo das ONGD ten un claro significado contrario a calquera acción encamiñada a un proceso de paz. Este tipo de entidades encárganse (ou facíano até agora) de importantes apoios á poboación civil, tanto sanitarios como relacionados cos servizos básicos como a auga ou mesmo a fame, polo que a súa desaparición de Gaza vai ter consecuencias catastróficas.

A comunidade internacional non pode permanecer impasíbel ante a situación de indefensión do pobo palestino, e os gobernos occidentais son perfectamente conscientes deste bloqueo administrativo das ONGD, anunciado hai meses.

Neste proceso tamén están implicadas ONGD galegas e con persoal galego, o que significa un argumento máis polo que é imprescindíbel que o goberno galego leve a cabo todos os esforzos diplomáticos para parar a ilegalidade que está a cometer o estado sionista. Alén disto, é preciso facer público un pronunciamento claro en defensa da legalidade internacional e do dereito do pobo palestino a recibir axuda nun momento tan crítico.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

1.- Cal é a postura do goberno galego en relación cos dereitos do pobo palestino?



CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 12:08:38
Nº Rexistro: 44844
Data envio: 12/01/2026 12:08:38.478

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Cal é a postura do goberno galego en relación co bloqueo da actividade das ONGD en Palestina por parte do estado de Israel?

3.- Que accións está a levar a cabo o goberno galego en relación co bloqueo da actividade das ONGD en Palestina por parte do estado de Israel?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 12:08:38
Nº Rexistro: 44844
Data envio: 12/01/2026 12:08:38.478

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 12/01/2026 12:06:28**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/01/2026 12:06:35**

CSV: BOPGDSPG-fI0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 12:08:38
Nº Rexistro: 44844
Data envio: 12/01/2026 12:08:38.478

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/01/2026 12:08:39

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 13:51:00
Nº Rexistro: 44888
Data envio: 12/01/2026 13:51:00.893

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Xunta de Galicia insiste en presentar a minería como un sector estratéxico para o futuro económico do país. Porén, a realidade evidencia que Galicia non conta hoxe cunha política mineira planificada, ordenada nin segura, senón cunha sucesión de actuacións improvisadas, opacas e carentes dun modelo territorial, ambiental e social coherente.

Nos últimos meses coñeceuse que a maioría dos concursos convocados pola Xunta para reactivar dereitos mineiros caducados quedaron practicamente desertos, poñendo de manifesto o fracaso da estratexia do Goberno galego para atraer proxectos solventes, así como a falta de confianza do propio sector nun marco regulador inestable e pouco previsible. Esta situación demostra que non existe unha planificación seria nin unha folla de ruta clara para o desenvolvemento da actividade extractiva en Galicia.

Ao mesmo tempo, saíron á luz informacións especialmente preocupantes sobre a elaboración de informes técnicos utilizados pola Xunta para promover a reapertura ou explotación de xacementos, nos que participan persoas vinculadas profesionalmente a proxectos mineiros concretos. Estes feitos xeran dúbidas máis que razoables sobre a independencia, obxectividade e rigor técnico da documentación que serve de base para a toma de decisións públicas, erosionando a credibilidade da Administración e incrementando a desconfianza social.

Esta forma de actuar non é un feito illado, senón que se insire nun modelo mineiro impulsado polo PP caracterizado pola falta de planificación previa, polo

Asinado o día 12/01/2026 ás 13:48
Por Lara Méndez López

Asinado o día 12/01/2026 ás 13:48
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 13:51:00
Nº Rexistro: 44888
Data envío: 12/01/2026 13:51:00.893



déficit de control ambiental e pola inexistencia dun retorno territorial real para as comarcas afectadas. Un modelo no que os beneficios potenciais se concentran fóra do territorio, mentres os riscos ambientais, sociais e económicos quedan no rural galego.

Resulta especialmente grave que, tras máis de dezaseis anos de gobernos do PP, Galicia siga sen contar co Plan Sectorial Mineiro que esixe a Lei de ordenación da minería de Galicia (LOMINGA), instrumento imprescindible para definir unha zonificación clara, establecer criterios obxectivos, identificar áreas ambientalmente sensibles e dar seguridade xurídica tanto ás comunidades locais como ás empresas que queiran operar con garantías.

Todo isto prodúcese nun contexto europeo no que a Unión Europea avanza cara a unha maior autonomía estratéxica en materias primas críticas, como recolle o novo Regulamento europeo, mais deixando claro que a consideración dun recurso como estratéxico non exime do cumprimento estrito da lexislación ambiental, sanitaria e social, nin pode servir de escusa para acelerar proxectos sen planificación nin consenso social.

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia defende unha posición clara:
minería si, pero non así. Non a calquera prezo, non sen garantías, non sacrificando territorios nin dereitos. Galicia precisa unha política mineira moderna, transparente e sostible, non un modelo extractivo, regresivo e baseado na improvisación.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cantos concursos para dereitos mineiros caducados convocou a Xunta de Galicia nos últimos anos e cantos deles quedaron desertos ou con escasa participación?

CSV: BOPGDSPG-fI0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 13:51:00
Nº Rexistro: 44888
Data envio: 12/01/2026 13:51:00.893



2. Que avaliación fai o Goberno galego do fracaso destes concursos e que medidas pensa adoptar para corrixilo?
3. Considera a Xunta axeitado que persoas vinculadas profesionalmente a proxectos mineiros elaboren informes técnicos que logo son utilizados pola propia Administración para promover explotacións extractivas?
4. Que protocolos existen para evitar conflitos de intereses na elaboración de informes xeolóxicos, ambientais ou técnicos relacionados coa minería?
5. Por que razóns non se elaborou aínda o plan sectorial mineiro de Galicia, malia ser unha obriga legal recollida na LOMINGA?
6. Como garante a Xunta que a súa política mineira non supón un modelo extractivo sen retorno para o rural galego?
7. Que medidas concretas pensa adoptar o Goberno galego para garantir a confianza social, a seguridade ambiental e a transparencia na tramitación de proxectos mineiros en Galicia?

Santiago de Compostela, a 12 de xaneiro do 2016

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 13:51:00
Nº Rexistro: 44888
Data envio: 12/01/2026 13:51:00.893

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 12/01/2026 13:48:21**

**Lara Méndez López na data 12/01/2026 13:48:28**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 13:51:00
Nº Rexistro: 44888
Data envio: 12/01/2026 13:51:00.893

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/01/2026 13:51:01**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:14:00
Nº Rexistro: 44994
Data envio: 13/01/2026 10:14:00.414

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 13/01/2
10:10
Por Montserrat Valcár

Asinado o día 13/01/2026 ás
10:10
Por Ramón Fernández Alfonzo

Asinado o día 13/01/2026 ás
10:09
Por José Manuel Golpe Acuña

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Ramón Fernández Alfonzo, Luis Bará Torres** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a calidade da auga do río Eume augas abaixo do encoro da Capela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O peche da Central Térmica de carbón de Endesa Generación SA en As Pontes foi solicitado en decembro de 2019, pasando logo polo proceso de impacto ambiental, primeiro nun intento errado por parte da propietaria de facer uso do procedemento simplificado -o mesmo que o resto de centrais en peche do Estado-, que foi desestimado polo MITECO na súa Resolución de abril de 2021 obrigando ao sometemento dun procedemento ordinario -a única central de todo o Estado, o que evidencia a súa singularidade-, que rematou coa publicación da Declaración de Impacto Ambiental do seu desmantelamento en marzo de 2022, da Resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas en agosto de 2023 pola que autorizaba a Endesa Generación SA ao peche, coa concesión da licenza municipal para o desmantelamento en xullo de 2024, e co inicio do mesmo en xaneiro de 2025.

Débese subliñar, como fixo o Concello das Pontes nas súas alegacións no procedemento simplificado da avaliación ambiental do desmantelamento, “a vertedura de máis de corenta millóns de metros cúbicos de augas industriais sen depurar realizado no río Eume durante máis de 10 anos, desde 1977 ata 1990 que se pon en marcha a Planta de Tratamento de Efluentes Líquidos”, xunto con outras situacións, tamén responsabilidade da empresa, contempladas nas meritadas alegacións, como “o esvaramento de terras no

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:14:00
Nº Rexistro: 44994
Data envio: 13/01/2026 10:14:00.414

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

vertedoiro restaurado de cinzas e escoira da Mourela, nos Airíos -no ano 2014-, que chegou a afectar ao río Eume" e que resultou "no expediente DH.W15.44593 tramitado por Augas de Galiza en relación coa autorización a Endesa das obras relacionadas". Con todo, a DIA do MITECO non fai referencia algunha á recuperación do río Eume, como tampouco o fai o chamado "Acordo Tripartito" -a diferenza doutras zonas-, desprezando a realidade que foi posible comprobar en 2020 con ocasión das obras de Endesa no encoro do Eume, cunha baixada de nivel desproporcionada, irresponsable e ilegal, que deixou á vista a acumulación e mobilización de sedimentos no río, obrigando á Xunta a declarar a situación de emerxencia sobre a situación de turbidez do Eume e do abastecemento de auga ao concello de Pontedeume, e á apertura dun expediente sancionador a Endesa.

Pola súa banda, no proceso de peche do complexo mineiro-eléctrico de Endesa nas Pontes, a Xunta chegou a asinar un Pacto Ambiental no 2005 -sen a información e participación do Concello-, que no 2012 tivo engádegas e prórroga até o 31/12/2020. Nos dous textos, como evidencia da súa responsabilidade, a empresa contemplaba actuacións relacionadas co Eume, mais non as necesarias e obrigadas, e non co obxectivo de "restaurar" senón co de acordar coa Xunta a súa "maior colaboración posible", sobre de todo nos trámites administrativos, como o da concesión de captación de auga do Eume para o enchido do oco da mina e conversión no lago -iso si, coa consideración de "actuación de restauración medioambiental" e, polo tanto, sen aplicación de "taxa, canon ou tributo de ningunha clase"-, as modificacións dos plans de vixilancia, a concertación de caudais ecolóxicos, posibles aproveitamentos enerxéticos, regulación do caudal Eume, mesmo o inicio dun Plen Territorial Integrado (PTI) da Bacía Hidrográfica do Eume. Os compromisos orzamentarios de Endesa de relación directa co Eume eran de 200.000 euros no período 2005-2012 para un "proxecto de investigación de seguimento do estado ecolóxico" -só- das súas augas, e 300.000 euros para "información, estudos ou medios para a elaboración do PTI -que incluía a súa "tramitación administrativa e ambiental ata a aprobación definitiva"-.



CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

En resumo, na actualidade, cun desmantelamento da Central Térmica iniciado como único contributo real, menor, e concreto de Endesa ao chamado proceso de transición xusta, aportación que non é quen de dar resposta ás súas responsabilidades e débedas, o BNG demanda, máis unha outra vez, un remate ordenado e programado da súa actividade mineiro-eléctrica, que contemple, entre outras accións, un plan de recuperación do río Eume, urxente e prioritario.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Que actuacións realizou a Xunta de Galiza desde o ano 2009 para a mellora da situación ambiental do río Eume?

- Que actuacións de mellora ambiental do río Eume se realizaron no marco do Pacto Ambiental asinado con ENDESA en 2012 e cal é o seu orzamento e investimento?

- Que caracterización se fixo dos lodos e depósitos do fondo da presa e cal é o seu potencial risco para o medio e a saúde?

- Que análises fixo a Xunta de Galiza e cales foron os resultados en canto á súa caracterización, sobre os depósitos e os escoamentos no leito do río Eume augas arriba do encoro?

- Que actuacións está realizando ou realizou a Xunta de Galiza para o coñecemento e seguimento do estado ambiental do río, cal é o seu custo e que empresa ou empresas foron contratadas para facelas?

- Que estudos, análises e plan de seguimento ven realizando e está a realizar a Xunta de Galiza sobre os recursos pesqueiros e os bancos marisqueiros da zona?

- Que actuacións e investimentos ten previsto realizar o goberno galego para a protección, conservación, descontaminación e rexeneración do río Eume e a súa bacía?



CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:14:00
Nº Rexistro: 44994
Data envio: 13/01/2026 10:14:00.414

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Cal é o estado da tramitación do Plan territorial integrado da bacía hidrográfica do río Eume, iniciada en abril de 2013?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:14:00
Nº Rexistro: 44994
Data envio: 13/01/2026 10:14:00.414

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Golpe Acuña na data 13/01/2026 10:09:10**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 13/01/2026 10:10:16**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 13/01/2026 10:10:28**

**Luis Bará Torres na data 13/01/2026 10:10:42**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:14:00
Nº Rexistro: 44994
Data envio: 13/01/2026 10:14:00.414

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 10:14:01

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:24:25
Nº Rexistro: 45016
Data envío: 13/01/2026 10:24:25.297

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Carlos López Font,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

As confrarías de pescadores constitúen entidades de dereito público de base asociativa, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, que desempeñan funcións esenciais de representación, colaboración e participación na ordenación e xestión do sector pesqueiro en Galicia, de conformidade co establecido na Lei 6/1993, do 11 de maio, de confrarías de pescadores de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 4 o compromiso dos poderes públicos galegos coa promoción das condicións necesarias para que a igualdade da persoa e dos grupos nos que se integra sexa real e efectiva, así como coa remoción dos obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude. Este mandato resulta plenamente aplicable ás estruturas de gobernanza do sector pesqueiro, incluídas as confrarías e as súas federacións.

Porén, malia a elevada presenza de mulleres en actividades fundamentais do sector como o marisqueo, a acuicultura, a transformación ou a comercialización, a súa representación nos órganos de goberno das confrarías continúa sendo claramente insuficiente. Esta realidade contradí os principios e obrigas recollidos na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, así como os compromisos asumidos en materia de igualdade por parte das institucións públicas galegas.

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:21
Por Carlos López Font

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:21
Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:24:25
Nº Rexistro: 45016
Data envio: 13/01/2026 10:24:25.297

Grupo
Parlamentario
Socialista

Ante a proximidade das eleccións ás confrarías de pescadores previstas para o ano 2026, resulta imprescindible impulsar medidas específicas que permitan mellorar a participación das mulleres como candidatas, remover os obstáculos estruturais existentes e avanzar cara a unha gobernanza máis democrática, xusta e inclusiva.

As socialistas sabemos que estamos a falar dun problema complexo e de carácter estrutural que require unha abordaxe integral, con medidas a curto, medio e longo prazo, que complemente a necesaria reforma da actual Lei de confrarías con accións concretas de acompañamento, formación, sensibilización e avaliación, por iso o Goberno galego non pode quedar de brazos cruzados e a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

O incumprimento destas obrigas pode dar lugar, de acordo coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e/ou á perda do dereito ao cobro das contías pendentes.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia exerza as súas competencias de control e seguimento, garantindo que o GES de Sanxenxo preste un servizo permanente e acorde coas obrigas asumidas no convenio, en defensa da seguridade da cidadanía e dos dereitos dos profesionais do servizo.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten coñecemento o Goberno Galego de que o Concello de Sanxenxo prevé manter o GES pechado pola noite durante boa parte do ano 2026, limitando o servizo a 16 horas diarias, a pesar da obriga de atención permanente ás chamadas de emerxencia recollida no convenio vixente?

2. Considera a Goberno Galego compatible coa CLÁUSULA OITAVA do convenio dos GES a decisión do Concello de Sanxenxo de non prestar servicio nocturno de forma continuada, e en caso contrario, que actuacións vai a emprender para esixir o seu cumprimento?

3. Vai requirir a Goberno Galego ao Concello de Sanxenxo a prestación dos informes o memorias técnicas que acrediten a prestación real e permanente do servizo do GES, tal e como establece o convenio, e que consecuencias prevé no caso de que non se poida xustificar ese cumprimento?

4. Ten previsto a Goberno Galego activas a Comisión Mixta de seguimento do convenio e apercibir ao Concello de Sanxenxo da posibilidade de perda total ou

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

parcial das achegas económicas, se se confirma o incumprimento das obrigas asumidas, con fin de garantir a seguridade da cidadanía dos concellos atendidos polo GES?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-fI0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:26:51
Nº Rexistro: 45657
Data envío: 15/01/2026 13:26:51.919

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 15/01/2026 13:24:45**

**Paloma Castro Rey na data 15/01/2026 13:24:52**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:26:51
Nº Rexistro: 45657
Data envio: 15/01/2026 13:26:51.919

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:26:52**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:51:47
Nº Rexistro: 45689
Data envio: 15/01/2026 13:51:47.745

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os datos de vítimas mortais de accidentes de tráfico nos últimos anos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos provisionais de vítimas mortais de accidentes de tráfico nas 24 h posteriores ao sinistro correspondentes a vías interurbanas no ano 2025 son moi preocupantes porque é a cifra máis alta dos últimos 7 anos, tal como se recolle no seguinte gráfico

| | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A Coruña | 39 | 25 | 34 | 43 | 26 | 38 | 39 |
| Lugo | 17 | 12 | 10 | 17 | 16 | 16 | 26 |
| Ourense | 8 | 9 | 8 | 12 | 22 | 14 | 11 |
| Pontevedra | 24 | 24 | 25 | 18 | 24 | 22 | 20 |
| **Galicia** | **88** | **70** | **77** | **90** | **88** | **90** | **96** |

En realidade, estas cifras non reflicten a mortalidade real nas estradas, xa que só computan as vítimas en estradas interurbanas e non inclúen as mortes en vías urbanas. E, como sinalamos, só computan as mortes nas 24 h posteriores ao accidente.

Segundo datos do IMELGA, as vítimas mortais por accidentes de tráfico foron 112 en 2023 (88 na estatística da DGT de mortes durante as 24 h e en vías interurbanas), 123 en 2022 (fronte ás 90 da estatística da DGT), 113 en 2021 (fronte ás 77 da estatística da DGT) e 131 en 2019 (fronte ás 88 da DGT).



Asinado o día 15/01/2026 ás 13:49
Por Paulo Ríos Santomé
Asinado o día 15/01/2026 ás 13:49
Por Luis Bará Torres
CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:51:47
Nº Rexistro: 45689
Data envio: 15/01/2026 13:51:47.745

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Nunha análise máis polo miúdo deberían estudarse os datos por tipos de estradas e por tipo de persoas usuarias das vías, con especial atención ás máis vulnerábeis (peóns, motociclistas e ciclistas). Así como outras circunstancias relacionadas coa concentración de accidentes, a intensidade do tráfico nas vías, o uso das vías relacionados con cambios laborais e no sector do transporte, a relación entre sinistralidade e idade, a incidencia de novas formas de mobilidade, ou a incidencia de prácticas de risco como o exceso de velocidade, a condución sen cinto, o uso do móbil, ou o consumo de alcol e drogas.

O peor que podemos facer diante desta dramática realidade é normalizala, facer que pase desapercibida, actuar como se fose algo natural e inevitábel.

No pasado ano 2025 rematou a vixencia do Plan de Seguridade Viaria de Galiza 2022-2025, polo que é necesario facer unha avaliación xeral e un informe sobre os obxectivos fixados (xerais e parciais), nomeadamente o denominado obxectivo 25-25-25.

-Redución do 25% do número de persoas falecidas e feridas graves nas vías interurbanas no período 2022-2025 a respecto dos datos de 2019.

-Redución do 25% de persoas falecidas e feridas graves vulnerábeis no período 2022-2025, a respecto dos datos de 2019.

-Redución do 25% de persoas falecidas e feridas graves nun 25% nas travesías no período 2022-2025, a respecto dos datos de 2019.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que valoración fai a Xunta sobre os datos de vítimas mortais de accidentes de tráfico de 2025 e a evolución dos datos de sinistralidade viaria dos últimos anos?

Cal é o grao de cumprimento dos obxectivos fixados no Plan de Seguridade Viaria 2022-2025?



CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Cales son a xuizo do goberno galego as causas do incumprimento dos obxectivo 25-25-25?

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para reverter esta situación?

Considera prioritario o goberno galego o apoio á demanda de transferencia das competencias en materias de tráfico e seguridade viaria?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:51:47
Nº Rexistro: 45689
Data envio: 15/01/2026 13:51:47.745

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 15/01/2026 13:49:47**

**Paulo Ríos Santomé na data 15/01/2026 13:49:55**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:51:47
Nº Rexistro: 45689
Data envio: 15/01/2026 13:51:47.745

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:51:48**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45716
Data envío: 15/01/2026 14:04:50.994

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

Galicia é unha das rexións marítimas máis relevantes de Europa, cunha estreita relación histórica, económica, social e cultural co mar. A pesca, a acuicultura, a transformación de produtos do mar, os portos, a investigación mariña, o turismo costeiro e, cada vez máis, a economía azul sostible, constitúen sectores estratéxicos para o desenvolvemento do país.

Neste contexto, a Comisión Europea vén de abrir a convocatoria para a presentación de eventos no marco do "Día Marítimo Europeo no Meu País 2026", que se desenvolverá entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2026, cun prazo límite para a presentación de propostas fixado no 10 de marzo de 2026. Trátase dunha iniciativa descentralizada do Día Marítimo Europeo que ten como obxectivo achegar á cidadanía, especialmente á xente nova, a importancia do océano, da economía azul e das actividades marítimas desde unha perspectiva sostible, innovadora e participativa.

Este programa está aberto á participación das administracións públicas, do sector privado, das organizacións non gobernamentais, das universidades, centros de investigación e outros axentes sociais, permitindo organizar eventos presenciais, virtuais ou híbridos relacionados coa economía azul, as comunidades costeiras, a pesca e a acuicultura sostibles, as enerxías renovables mariñas, a investigación, o turismo costeiro, a cultura oceánica ou a protección do medio mariño.

Galicia conta cun ecosistema único para liderar este tipo de iniciativas: unha ampla rede de portos e comunidades costeiras, un potente tecido investigador

Asinado o día 15/01/2026 ás 14:00
Por Carlos López Font

Asinado o día 15/01/2026 ás 14:00
Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45716
Data envío: 15/01/2026 14:04:50.994

e universitario, un sector pesqueiro e marisqueiro de referencia europea e unha sociedade civil cada vez máis implicada na defensa do océano e na transición cara a modelos sostibles.

Porén, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma un papel activo, tanto participando directamente como facilitando e coordinando a implicación dos distintos axentes galegos, para non perder unha oportunidade estratéxica de visibilizar o potencial marítimo de Galicia en Europa, atraer atención institucional e reforzar a cultura oceánica entre a cidadanía.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego da convocatoria do programa "Día Marítimo Europeo no Meu País 2026" e que decisións ten adoptadas, ata o momento, para garantir a participación activa de Galicia nesta iniciativa europea?

2. Que medidas concretas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para informar, coordinar e apoiar a participación de administracións públicas, sector pesqueiro e marítimo, empresas, organizacións sociais e ambientais, universidades e centros de investigación galegos na presentación de eventos ao abeiro desta convocatoria?

3. Como pensa o Goberno galego aproveitar esta iniciativa para reforzar a proxección de Galicia como referente europeo en pesca sostible, economía azul e investigación mariña, así como para fomentar a cultura oceánica e a implicación da mocidade nas políticas marítimas?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45716
Data envío: 15/01/2026 14:04:50.994

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 15/01/2026 14:00:08**

**Carlos López Font na data 15/01/2026 14:00:14**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45716
Data envio: 15/01/2026 14:04:50.994

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 14:04:52**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45842
Data envio: 15/01/2026 16:15:31.963

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 15/01/2
16:11
Por Aitor Bouza Mans

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López, Carlos López Font** e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Viveiro e a comarca da Mariña levan décadas reclamando unha solución real, eficaz e estrutural aos graves problemas de mobilidade e comunicacións que padecen. Durante anos, a propia Xunta de Galicia defendeu e impuxo o proxecto da Vía de Alta Capacidade VAC-Norte, unha infraestrutura estratéxica chamada a mellorar a seguridade viaria, a fluidez do tráfico e a competitividade económica dun territorio clave do norte de Galicia.

Asinado o día 15/01/2026 ás
16:11
Por Carlos López Font

Esta vía de alta capacidade foi incluída no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Viveiro por imposición da Xunta, condicionando durante máis dunha década o desenvolvemento urbanístico e territorial do municipio. O Concello de Viveiro, así como o conxunto da Corporación municipal, aceptaron esa esixencia coa finalidade de poder avanzar na tramitación do PXOM, confiando en que a infraestrutura comprometida acabaría executándose.

Porén, o anuncio realizado recentemente polo presidente da Xunta de Galicia en Viveiro supón un cambio radical e moi preocupante de criterio. O Goberno galego renuncia de facto á VAC-Norte e substitúe ese proxecto por unha simple variante de estrada convencional, cun investimento moi inferior e cun alcance claramente limitado. O que se presenta como alternativa non responde nin ás necesidades reais de mobilidade nin aos problemas estruturais de tráfico que sofre Viveiro, especialmente nos accesos ao casco urbano e na conexión coa rede viaria principal.

Asinado o día 15/01/2026 ás
16:10
Por Lara Méndez López

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Esta decisión supón unha rebaixa inaceptable das aspiracións e dereitos da veciñanza de Viveiro, que ve como se lle nega unha infraestrutura da que gozan outras comarcas galegas. Ademais, a solución proposta non só non resolve os problemas actuais, senón que corre o risco de quedar obsoleta a curto prazo, ao tratarse de estradas convencionais que non absorben o volume de tráfico existente nin o previsto no futuro.

Resulta especialmente grave que, tras anos de bloqueo e esixencias ao Concello, a Xunta pretenda agora pechar definitivamente a porta a unha vía de alta capacidade, sen diálogo real, sen avaliación comparativa das alternativas e sen ter en conta o impacto desta renuncia no PXOM e no desenvolvemento económico e social de Viveiro e da Mariña.

Por todo o exposto, considérase necesario que o Parlamento de Galicia inste á Xunta a rectificar, recuperar unha visión ambiciosa e apostar por unha infraestrutura acorde ás necesidades do territorio.

Por todo o anteriormente exposto, a deputada e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai a Xunta de Galicia a retomar o proxecto da Vía de Alta Capacidade VAC-Norte de Viveiro, como infraestrutura estratéxica para a mellora da mobilidade, da seguridade viaria e do desenvolvemento económico da Mariña?
2. Ten previsto actualizar os estudos técnicos, ambientais e económicos necesarios para garantir a viabilidade da VAC-Norte, adaptándoos ás condicións actuais pero mantendo un nivel de ambición acorde ás necesidades do territorio?
3. Contempla a Xunta de Galicia avaliar o impacto da renuncia á VAC no PXOM de Viveiro, adoptando as medidas necesarias para evitar

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45842
Data envio: 15/01/2026 16:15:31.963

prexuízos urbanísticos e administrativos derivados das decisións impostas pola propia Xunta durante anos?

Santiago de Compostela, a 15 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45842
Data envio: 15/01/2026 16:15:31.963

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 15/01/2026 16:10:58**

**Carlos López Font na data 15/01/2026 16:11:13**

**Aitor Bouza Manso na data 15/01/2026 16:11:22**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45842
Data envio: 15/01/2026 16:15:31.963

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 16:15:45**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:38:03
Nº Rexistro: 45849
Data envío: 15/01/2026 16:38:03.833

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O acordo comercial entre a Unión Europea e os países integrantes de Mercosur configura un novo marco de relacións comerciais internacionais que afecta de maneira directa ao sector agroalimentario europeo. Trátase dun acordo xa aprobado polo Consello da Unión Europea e pendente da súa ratificación definitiva polo Parlamento Europeo, que terá efectos xurídicos e económicos unha vez entre en vigor.

A aplicación deste acordo suscita preocupacións fundadas en distintos sectores produtivos, especialmente na gandería, debido ás diferenzas existentes nos estándares de produción, sanitarios, ambientais e de benestar animal entre a Unión Europea e os países de Mercosur. Ao mesmo tempo, o impacto real do acordo non dependerá unicamente do seu contido formal, senón, en gran medida, da forma en que sexa aplicado, xestionado e controlado polas institucións competentes a nivel europeo, estatal e autonómico.

Os datos oficiais da Comisión Europea indican que os continxentes de importación con arancel reducido previstos para produtos cárnicos representan unha porcentaxe limitada da produción total comunitaria. Non obstante, unha xestión inadecuada destes continxentes, a súa concentración temporal ou en determinados operadores, ou a ausencia de mecanismos de control e corrección eficaces, pode xerar distorsións no mercado, especialmente nos sectores máis sensibles, con impacto directo sobre a renda das explotacións gandeiras.

Asinado o día 15/01/2026 ás 16:35
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 15/01/2026 ás 16:35
Por Lara Méndez López

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:38:03
Nº Rexistro: 45849
Data envio: 15/01/2026 16:38:03.833



No caso de Galicia, estas preocupacións vense reforzadas pola elevada dependencia exterior en materias primas para a alimentación animal e polo peso económico, social e territorial do sector primario galego. A gandería e a industria agroalimentaria constitúen un piar fundamental do medio rural, da cohesión territorial e da economía galega, polo que resulta imprescindible anticipar e minimizar calquera risco que poida afectar á súa viabilidade.

A Política Agraria Común e a Organización Común de Mercados dispoñen de instrumentos específicos para facer fronte a perturbacións graves dos mercados agrarios, así como de ferramentas orientadas á protección da renda das persoas produtoras. Así mesmo, a normativa europea contempla cláusulas de salvagarda e medidas correctoras que deben ser activadas de maneira áxil e efectiva cando se detecten desequilibrios significativos.

Neste contexto, resulta necesario que a Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, adopte unha posición activa e coordinada coas restantes administracións, orientada a garantir unha aplicación responsable do acordo UE–Mercosur, a protección do sector primario galego e o reforzo do mercado interno, especialmente a través da posta en valor da produción galega baseada na calidade, na trazabilidade e na sustentabilidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Está disposta a Xunta de Galicia a defender activamente unha aplicación responsable do acordo UE–Mercosur, que teña en conta a singularidade e a sensibilidade do sector primario galego. Cunha xestión estrita, transparente e equilibrada dos continxentes de importación, para evitar distorsións nos prezos?
2. Vai a instar á activación áxil das cláusulas de salvagarda e dos instrumentos previstos na Política Agraria Común e na Organización

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Común de Mercados, no caso de que se detecten perturbacións graves ou riscos acreditados para os sectores máis sensibles?

3. Contempla a Xunta de Galicia impulsar medidas de reforzo da demanda interna da produción galega, mediante políticas de promoción, apoio ás figuras de calidade diferenciada, mellora da información ao consumidor sobre a orixe dos produtos e integración da produción galega nas compras públicas alimentarias, dentro do marco legal vixente?
4. Ten previsto desenvolver medidas de acompañamento específicas para o sector primario galego, orientadas á estabilización dos mercados, ao apoio á renda das explotacións en situacións de crise e ao reforzo da posición negociadora das persoas produtoras na cadea alimentaria?
5. Vai a Xunta de Galicia apostar por unha estratexia de fortalecemento da base produtiva agraria galega, incluíndo o incremento da superficie agraria útil e a mellora da autonomía alimentaria, como elementos clave para reducir a vulnerabilidade fronte a escenarios internacionais de incerteza?

Santiago de Compostela, a 15 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:38:03
Nº Rexistro: 45849
Data envio: 15/01/2026 16:38:03.833

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 15/01/2026 16:35:38**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/01/2026 16:35:44**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:38:03
Nº Rexistro: 45849
Data envio: 15/01/2026 16:38:03.833

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 16:38:04**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:47:54
Nº Rexistro: 45853
Data envio: 15/01/2026 16:47:54.808



Asinado o día 15/01/2
16:44
Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta**, **Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación.**

O Complexo hospitalario de Ourense debería ser un espazo de coidado para a cidadanía. Porén, para moitas pacientes, profesionais e acompañantes, ese sentimento foise transformando nos últimos anos en preocupación, incerteza e medo.

Ourense conta cun complexo hospitalario formado por edificios de distintas épocas, con décadas de diferenza entre eles, nos que o paso do tempo non foi acompañado do mantemento, da planificación nin dos investimentos necesarios. No Hospital Materno-Infantil, onde se atende a poboación máis vulnerable —mulleres embarazadas, bebés e crianzas— producíronse tres derrubamentos do falso teito. O primeiro, en decembro de 2023, nunha zona asistencial con pacientes. Os seguintes, en marzo e xullo de 2025. Tres avisos claros de que algo non estaba ben. Tres ocasións nas que, por sorte, non houbo que lamentar danos persoais. Feitos denunciados no seu momento por este grupo parlamentario.

O pasado 12 de Xaneiro, a cidadanía asistiu a un novo episodio no edificio Cristal do CHUO. Un rebentón dunha tubaxe no servizo de cardioloxía provocou filtracións de auga a varias plantas, cortes de subministración e escenas de sorpresa e preocupación entre pacientes, profesionais e acompañantes.

Persoas que acudían ao hospital para coidar da súa saúde víronse, unha vez máis, expostas a unha situación que nunca debería producirse nun centro sanitario público.

Asinado o día 15/01/2026 ás
16:44
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 15/01/2026 ás
16:44
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A resposta oficial insistiu na rapidez da reparación e no retorno á normalidade. Mais para quen estaba alí, para quen traballa cada día neses espazos ou para quen agarda unha proba, unha consulta ou un diagnóstico, a normalidade non pode ser convivir co risco.

A acumulación destes feitos revela algo máis fondo: unha falta de prevención, de planificación e de coidado das infraestruturas públicas, responsabilidade directa da Xunta de Galicia e do Servizo Galego de Saúde.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. É consciente o Goberno galego da angustia e da inseguridade que están a vivir pacientes, profesionais e acompañantes do Hospital Universitario de Ourense tras a sucesión de incidentes graves nas súas instalacións?

2. Que responsabilidades políticas pensa asumir o Goberno galego ante unha situación que se prolonga no tempo sen solucións estruturais?

3. Que medidas de mantemento preventivo está a aplicar o Goberno galego realmente no conxunto do CHUO para evitar que estes episodios se volvan a repetir?

4. Vai facer públicos, o Goberno galego, os informes técnicos existentes para que a cidadanía coñeza con transparencia o estado real das infraestruturas hospitalarias de Ourense?

5. Cando prevé o Goberno galego ofrecer unha solución definitiva, cun calendario claro, para garantir unha atención sanitaria segura e digna no Hospital Universitario de Ourense?

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:47:54
Nº Rexistro: 45853
Data envio: 15/01/2026 16:47:54.808

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/01/2026 16:44:06**

**Elena Espinosa Mangana na data 15/01/2026 16:44:13**

**Silvia Longueira Castro na data 15/01/2026 16:44:23**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:47:54
Nº Rexistro: 45853
Data envio: 15/01/2026 16:47:54.808

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 16:47:55**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 17:38:41
Nº Rexistro: 45864
Data envío: 15/01/2026 17:38:41.816

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as previsións económicas para o ano 2026 e as debilidades sinaladas polo último informe do Foro Económico de Galiza publicado en xaneiro de 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente coñeciamos a presentación pública dos datos do Informe de Conxuntura Socioeconómica IV/2025 que elabora no noso país o Foro Económico que resumidamente sinala como aínda que a economía galega mantén dinamismo en comparación coa media europea e a dos países da zona euro, persiste unha certa ralentización no ritmo de crecemento da actividade económica, o que vai na liña doutros indicadores e da redución de expectativas que facía a propia Xunta de Galiza ao rebaixar a previsión de medre da inicialmente contemplada no teito de gasto á finalmente aprobada cos orzamentos do presente ano.

Entre outros datos podemos sinalar o PIB galego medrou no terceiro trimestre un 0,5%, fronte ao 0,6% de España e o 0,4% da media europea e que en termos interanuais, o PIB medra no noso país un 2,2%, seis décimas por debaixo media estatal (2,8%). Entre as debilidades que persisten na análise da evolución macroeconómica chama negativamente a atención que se manteña unha contracción no sector primario, desta volta no 0.4%, a persistencia na taxa de avellentamento por riba da media europea e a baixa natalidade.

Máis aínda neste contexto hai que ter en conta a forte situación convulsa da realidade xeopolítica internacional, agravada nas primeiras semanas do ano, así como o

Asinado o día 15/01/2026 ás 17:35
Por Ramón Fernández Alfonzo

Asinado o día 15/01/2026 ás 17:35
Por Noa Presas Bergantiños

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

novo reponte de prezos, singularmente en ámbitos como a alimentación, onde a persistencia no incremento supón xa un enorme problema para milleiros de galegos e galegas.

É preciso que o goberno galego faga seguimento destes datos e avalíe as necesidades de reorientación orzamentaria, económica e política que poidan concorrer.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Como valora o goberno da Xunta a ralentización económica experimentada por Galiza no remate de 2025?

Como valora os datos e reflexións do Foro Económico no seu último informe?

Á luz da incerteza xeopolítica e do incremento da carestía de prezos, valora facer modificacións de cara as previsións para 2026?

E de cara á propia estrutura orzamentaria e de prioridades?

Como valora que haxa debilidades que persisten ao longo do tempo? Como actúa a Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 17:38:41
Nº Rexistro: 45864
Data envío: 15/01/2026 17:38:41.816

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2026 17:35:48**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 15/01/2026 17:35:57**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 17:38:41
Nº Rexistro: 45864
Data envio: 15/01/2026 17:38:41.816

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 17:38:42

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:26:47
Nº Rexistro: 44802
Data envio: 12/01/2026 10:26:47.213

Por Paulo Ríos Santomé
Asinado o día 12/01/2026 ás 10:17
Por Luis Bará Torres

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Saleta Chao Rivas, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia,** sobre o novo sistema de financiamento para Galiza.

Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Asinado o día 12/01/2026 ás 10:17
Por Daniel Castro García

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada polos avances coñecidos o venres 9 de xaneiro verbo das modificacións no sistema de financiamento que prevé o goberno do Estado, que prexudican Galiza e fan necesario un pronunciamento do Parlamento galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 9 de xaneiro de 2026 a vicepresidenta primeira do goberno do Estado e ministra de Facenda, María Jesús Montero, comparecía en rolda de prensa para avanzar unha serie de propostas do actual mecanismo de financiamento autonómico para as comunidades de réxime común que iría remitir ás comunidades para o seu posicionamento nas próximas semanas.

Asinado o día 12/01/2026 ás 10:17
Por Ana Pontón Mondelo
CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:26:47
Nº Rexistro: 44802
Data envio: 12/01/2026 10:26:47.213

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Os datos coñecidos nesta primeira presentación e no documento resumo feito público polo Ministerio son escandalosamente prexudiciais para Galiza e carentes de toda solvencia e seriedade, limitándose a unha reforma cosmética dun sistema que non funciona e, para máis, introducindo modificacións que prexudican claramente Galiza. Podemos sinalar, por exemplo, o cambio de peso de criterios que inciden enormemente no custo da prestación de servizos públicos esenciais como son o avellentamento, que pasaría do 8,5 ao 7% ou a dispersión poboacional, que baixaría do 0,6 a 0,5%. Así mesmo, o anuncio dunha nova variable de des`poboamento non beneficia a Galiza, que no seu conxunto está a ver incrementada levemente a súa poboación mais que arrastra un enorme problema de desequilibrio territorial entre interior e costa e rural e urbano que debe ser abordado, para alén doutros criterios que deberían ser incorporados.

Lonxe das afirmacións gobernamentais de que esta proposta sexa beneficiosa e amplíe a solidariedade interterritorial, o que vemos é que novamente o centralismo inxusto e insolidario prexudica Galiza cunha proposta que só perpetuaría os problemas do actual sistema e engadiría outros novos. Máis aínda, cabe sinalar que esta proposta non avanza na descentralización nin no exercicio do autogoberno, pois a proposta de ampliación da participación en materia impositiva é anecdótica. A proposta de cesión de impostos adicional no IRPF e no IVE non serve para avanzar no desenvolvemento das nosa competencias fiscais nin resolve o espolio fiscal que sofre Galiza cada ano por parte do Estado, máis alá de ser unha proposta global que non recolle a singularidade de nación do noso país e que polo tanto segue a ser conservadora e centralista.

Finamente, cabe destacar a falta de rigor e seriedade á hora de prever un fondo para a crise climática que parece ignorar a afectación a Galiza deste problema, a nova incorporación de criterios opacos de statu quo ou o anuncio dunha marxe escasa de tempo para o posicionamento dos gobernos autonómicos nunha próxima conferencia sectorial.

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:26:47
Nº Rexistro: 44802
Data envio: 12/01/2026 10:26:47.213

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O debate sobre o financiamento é o debate máis importante politicamente para o futuro do noso país e a nosa posición está lastrada de partida pola falta de peso político do goberno do Partido Popular, que polo seu sectarismo e submisión política se negaron a negociar bilateralmente co Estado asumindo a posición da súa dirección madrileña. É evidente que isto prexudicou Galiza e agora vemos os resultados.

Por estes motivos, é necesario e urxente que o Parlamento Galego se posicione e que o arco parlamentario galego reoriente esta estratexia a favor dunha estratexia de país que defenda os intereses de Galiza e o autogoberno fiscal e financeiro que debe ter a nosa nación.

En consecuencia, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Vai rectificar o goberno galego o seu fracaso negociador co Estado á vista da proposta de reforma do sistema de financiamento que vén de ser facer pública?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:26:47
Nº Rexistro: 44802
Data envío: 12/01/2026 10:26:47.213

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 12/01/2026 10:17:07
Daniel Castro García na data 12/01/2026 10:17:43
Luis Bará Torres na data 12/01/2026 10:17:49
Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2026 10:17:55
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/01/2026 10:18:02
Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2026 10:18:10
Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2026 10:18:22
Ariadna Fernández González na data 12/01/2026 10:18:29
Iria Carreira Pazos na data 12/01/2026 10:18:35
Secundino Fernández Fernández na data 12/01/2026 10:18:45
José Manuel Golpe Acuña na data 12/01/2026 10:19:01
Carmela González Iglesias na data 12/01/2026 10:19:11
Sonia Vidal Lamas na data 12/01/2026 10:19:22
Montserrat Valcárcel Armesto na data 12/01/2026 10:19:29
Saleta Chao Rivas na data 12/01/2026 10:19:36
Óscar Insua Lema na data 12/01/2026 10:19:44
María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2026 10:19:52
Ramón Fernández Alfonzo na data 12/01/2026 10:20:04
Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2026 10:20:10
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/01/2026 10:20:18
Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2026 10:20:29
Cristina Fernández Davila na data 12/01/2026 10:20:37
Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2026 10:20:42
Iago Suárez Fernández na data 12/01/2026 10:20:48
Iria Taibo Corsanego na data 12/01/2026 10:20:54

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:26:47
Nº Rexistro: 44802
Data envio: 12/01/2026 10:26:47.213

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/01/2026 10:26:48**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:34:38
Nº Rexistro: 44805
Data envío: 12/01/2026 10:34:38.000

Por Iago Suárez Fernández
Asinado o día 09/01/2
12:48
Por Iria Carreira Pazo
Por Montserrat Valcárcel Armesto
Asinado o día 09/01/2026 ás
12:48
Por María Montserrat Prado Cores
Asinado o día 09/01/2026 ás
12:46
Por Olalla Rodil Fernández

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

As deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a situación do centro de saúde de Vilalba.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione con celeridade sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O centro de saúde de Vilalba conta, segundo os datos que obran na propia Consellaría de Sanidade, con:

10 médicxs de atención primaria,

2 pediatras,

10 enfermeiras,

ademais de persoal administrativo.

Así mesmo, como servizos de apoio dispón de matrona, hixiene bucodental, odontoloxía, nutrición, farmacia, fisioterapia e traballo social.

Nos últimos anos ao igual que acontece na maior parte dos centros de saúde de Galiza, a veciñanza adscrita a este centro viu como foron reducíndose os servizos e o persoal o que mermou a calidade asistencial que se presta. Neste senso, hai catro prazas



CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:34:38
Nº Rexistro: 44805
Data envio: 12/01/2026 10:34:38.000

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de médica/o sen cubrir froito da xubilación das persoas titulares ou da non cobertura das baixas temporais e vacacións como acontece con enfermaría ou pediatría.

Para o Bloque Nacionalista Galego, ao igual que para a veciñanza de Vilalba, esta situación vai en contra dos seus dereitos fundamentais a comezar polo dereito a unha sanidade pública, próxima da máxima calidade.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que vai facer a Xunta de Galiza para restituír todos os servizos e persoal dos que debe dispor o centro de saúde de Vilalba?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2026



CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:34:38
Nº Rexistro: 44805
Data envio: 12/01/2026 10:34:38.000

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2026 12:46:24**
**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2026 12:48:32**
**Iria Carreira Pazos na data 09/01/2026 12:48:40**
**Ariadna Fernández González na data 09/01/2026 12:48:51**
**Montserrat Valcárcel Armesto na data 09/01/2026 12:49:00**
**Iago Suárez Fernández na data 09/01/2026 12:49:09**
**Ana Pontón Mondelo na data 12/01/2026 10:32:39**
**Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2026 10:32:50**
**Sonia Vidal Lamas na data 12/01/2026 10:32:57**
**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2026 10:33:05**
**Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2026 10:33:13**
**Óscar Insua Lema na data 12/01/2026 10:33:20**
**Secundino Fernández Fernández na data 12/01/2026 10:33:27**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/01/2026 10:33:37**
**Ramón Fernández Alfonzo na data 12/01/2026 10:33:47**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:34:38
Nº Rexistro: 44805
Data envio: 12/01/2026 10:34:38.000

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/01/2026 10:34:39**

CSV: BOPGDSPG-fI0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 17:53:09
Nº Rexistro: 46634
Data envío: 19/01/2026 17:53:09.100

Por Paulo Ríos Santomé
Asinado o día 19/01/2 17:48
Por Luis Bará Torres

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

As deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre o mandato estatutario que lle confire á Xunta a competencia exclusiva en materia de patrimonio.

Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Asinado o día 19/01/2026 ás 17:48
Por Daniel Castro García

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta de Galiza se posicione canto antes sobre este tema.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de medidas fiscais e administrativas que o goberno do PP acaba de presentar a esta cámara, xunto co proxecto de orzamentos para 2026, volve emendar o articulado da Lei de patrimonio cultural de Galiza, un procedemento reiterado nos últimos anos que, após 10 anos de aprobación, conseguiu baleirala do seu contido orixinal e, o que é peor, avanzar na desprotección do vizoso legado patrimonial galego.

Baixo o pretexto da “axilización e eficiencia dos procedementos de xestión e protección do patrimonio cultural”, o Partido Popular reforma de novo a Lei da patrimonio cultural para renunciar ás súas competencias e pasar a delegar nos concellos máis responsabilidades e competencias na protección patrimonial á hora de autorizar diferentes intervencións que se realicen en bens catalogados con protección estrutural e ambiental, nos seus contornos de protección ou nas súas zonas de amortecemento.

Asinado o día 19/01/2026 ás 17:48
Por Ana Pontón Mondelo

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 17:53:09
Nº Rexistro: 46634
Data envio: 19/01/2026 17:53:09.100

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Pensa o goberno que está a cumprir co mandato estatutario que lle confire á Xunta a competencia exclusiva en materia de patrimonio?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
Nº Rexistro: 44581
Data envio: 09/01/2026 12:46:11.132

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 09/01/2026 12:44:45

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/01/2026 12:44:51

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:46:11
Nº Rexistro: 44581
Data envio: 09/01/2026 12:46:11.132

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 12:46:11**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:02:24
Nº Rexistro: 44587
Data envío: 09/01/2026 13:02:24.634

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Suárez Fernández** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a emigración de mocidade galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sofre dun problema secular que lastra en moi boa medida as capacidades de desenvolvemento de Galiza como país. Trátase da emigración, máis concretamente da emigración da mocidade, é dicir, de persoas menores de 30 ou menos de 35 anos de idade. Os datos oficiais que se coñecen a este respecto son alarmantes e deberían pór en alerta a calquera goberno que se diga digno de tal.

En decembro de 2025, o Instituto Nacional de Estatística (INE) fixo públicos datos tremendamente preocupantes a respecto deste problema. Referíndose á anualidade de 2024, esta entidade asegura que abandonaron o noso país até 36.704 persoas, o que supón a cifra máis elevada no que vai de século XXI. Segundo estas cifras, 20.244 das persoas emigradas foron a lugares do Estado español e 16.460 a outras partes do mundo, establecéndose maioritariamente nos destinos clásicos da emigración galega no continente europeo. Así, Madrid, Catalunya, Andalucía e Canarias voltaron ser os destinos de acollida máis comúns de galegas e galegos dentro do Estado español. Do total de emigradas e emigrados galegos ao longo de 2024, 37,9% tiñan menos de 35 anos de idade.

Pola súa parte, no ano anterior, 2023, abandonaron o país un total de 36.028 galegas e galegos, 19.950 persoas con destino a diversos puntos do Estado español, con

Asinado o día 09/01/2026 ás 13:00
Por Ramón Fernández Alfonzo

Asinado o día 09/01/2026 ás 13:00
Por Iago Suárez Fernández

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Madrid como primeiro territorio receptor, e 16.078 a diversas partes do planeta, co continente europeo como primeiro destino. Así, e de acordo cos datos do INE, a emigración ascendeu en 2024 en 626 persoas en relación coa anualidade anterior.

Se ollamos ao total de persoas emigradas desde a volta do PP ao goberno da Xunta en 2009, os datos reflicten que até 487.297 persoas residentes na Galiza emigraron entre 2009 e 2024. As cifras recollidas no histórico do INE rexistraron, nese período, 311.385 emigrantes galegas e galegos ao Estado español e 175.912 a outras partes mundo. Non é de estrañar, por tanto, que Galiza adoeza de moi serios problemas derivados desta situación. O devalo demográfico que sofre o noso país explícase en moi boa medida con estes datos na man, datos que son provocados pola falta de oportunidades laborais, o problema do acceso á vivenda e os baixos salarios que no noso país se pagan. Todos estes problemas aos que o goberno do PP na Xunta debería pór solución.

Mentres todo isto acontece, pouca intención vemos desde o Grupo Parlamentar do BNG por parte do goberno galego de tomar as medidas necesarias para pór fin a esta lacra que tanta afecta ao pobo de Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

A que cre o goberno da Xunta que se deben os elevados números de mozas e mozos galegos emigrados desde o ano 2009 e ten pensado a Xunta facer algo ao respecto para pór freo a esta situación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:02:24
Nº Rexistro: 44587
Data envio: 09/01/2026 13:02:24.634

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 09/01/2026 13:00:48**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 09/01/2026 13:00:55**

CSV: BOPGDSPG-fI0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:02:24
Nº Rexistro: 44587
Data envio: 09/01/2026 13:02:24.634

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 13:02:25**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:15:46
Nº Rexistro: 44599
Data envio: 09/01/2026 13:15:46.464

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as necesidades de atención sanitaria primaria en Carral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados días, puidemos ler nos medios de comunicación unha entrevista co alcalde de Carral no que recoñece que é o espazo actual do centro de saúde non é suficiente. Na actualidade, o PAC de Cambre atende unha parte da poboación de Carral, e unha parte do servizo de urxencias deste centro está compartido con Oleiros. Este centro de saúde ten unha poboación asignada de máis de 31.000 habitantes.

Carral aumentou a súa poboación, como se pode constatar tanto no padrón municipal como polos datos que ofrece o Instituto Galego de Estatística. A previsión é que este aumento se manteña no tempo, polo que é imprescindíbel procurar de xeito urxente unha solución para dar unha atención sanitaria acaída á veciñanza de Carral. Concretamente, é preciso resolver os problemas de espazo que, entre outras cousas, están a impedir que a educación maternal se poida ofrecer en Carral, e as mulleres deben desprazarse ao centro de saúde de Cambre.

Debido ás protestas que se produciran no seu día, a Consellaría viuse obrigada a aumentar o número de profesionais que atenden o centro de saúde de Carral, mais a falta de espazo fixo que esta nova profesional teña que atender nunha zona do despacho da matrona reservada á educación maternal. Isto fai que sexan moitas as mulleres que deixen de recibir esta formación fundamental.

Asinado o día 09/01/2026 ás 13:14
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 09/01/2026 ás 13:14
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego resolver os problemas de espazo da atención sanitaria en Carral, que impiden, entre outras cousas, que neste concello se ofreza educación maternal?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:15:46
Nº Rexistro: 44599
Data envio: 09/01/2026 13:15:46.464

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 09/01/2026 13:14:43**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2026 13:14:50**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:15:46
Nº Rexistro: 44599
Data envio: 09/01/2026 13:15:46.464

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 13:15:47**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:48:48
Nº Rexistro: 44606
Data envio: 09/01/2026 13:48:48.689

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 09/01/2 13:47 Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro atópase nunha situación de colapso continuado, o que levou aos seus profesionais a iniciar paros diarios como medida de protesta ante a grave realidade que están a padecer. A acumulación de pacientes pendentes de ingreso, as demoras reiteradas no traslado a planta, a necesidade de que o persoal dobre quendas para facer fronte á sobrecarga asistencial ou a evidente insuficiencia de espazos para atender ás persoas usuarias son só algunhas das consecuencias desta situación.

Asinado o día 09/01/2026 ás 13:47 Por Carlos López Font

A saturación permanente, os atrasos, o hacinamento e o progresivo deterioro da calidade asistencial están a comprometer seriamente tanto a seguridade das e dos pacientes como as condicións laborais do persoal sanitario. Non resulta aceptable que, ante esta realidade, o conselleiro de Sanidade se limite a recoñecer que o hospital quedou pequeno e a anunciar un suposto plan de ampliación, máxime cando a experiencia demostra que este tipo de promesas adoitan quedar sen concreción.

Asinado o día 09/01/2026 ás 13:47 Por Elena Espinosa Mangana

Non resulta estraño, por tanto, atopar con frecuencia titulares que reflicten a gravidade da situación, como que o servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro chegou a atender 797 pacientes nun período de 24 horas, unha das cifras máis elevadas desde a súa apertura. Esta presión asistencial extrema converteuse nunha constante.

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:48:48
Nº Rexistro: 44606
Data envío: 09/01/2026 13:48:48.689



Os propios profesionais advirten de que, malia o seu compromiso coa atención aos pacientes, non poden continuar sostendo un sistema baseado exclusivamente no esforzo persoal, na improvisación permanente e no impacto dunha sobresaturación continuada do persoal. Un modelo destas características resulta claramente insostible no tempo e evidencia a necesidade urxente de adoptar medidas estruturais que garantan unha atención sanitaria segura e de calidade.

Por todo isto, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia actúe de maneira inmediata e responsable, adoptando medidas concretas que permitan desconxestionar o servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro. E o Grupo Parlamentario Socialista esixe solucións reais e efectivas, afastadas de anuncios xenéricos e promesas sen prazos nin compromisos claros, que dean resposta a unha situación que non admite máis demoras.

Por todo iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Está a Xunta de Galicia, disposta a elaborar e presentar, nun prazo concreto e con dotación orzamentaria definida, un plan integral de actuación para o servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro, que conte coa participación dos profesionais do propio servizo e que contemple dotacións materiais e funcionais?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:48:48
Nº Rexistro: 44606
Data envio: 09/01/2026 13:48:48.689

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 13:47:07**

**Carlos López Font na data 09/01/2026 13:47:13**

**Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 13:47:19**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 13:48:48
Nº Rexistro: 44606
Data envio: 09/01/2026 13:48:48.689

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 13:48:49**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44612
Data envio: 09/01/2026 15:21:08.991

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O Goberno galego que preside Alfonso Rueda decidiu conxelar as peaxes nas autoestradas de titularidade autonómica AG-55, entre A Coruña e Carballo, e a AG-57, no Val Miñor, de xeito que non subiron co comezo do ano. Ademais o Executivo autonómico mantén tamén as bonificacións en vigor nestas mesmas vías.

Estas dúas decisións sitúan as autoestradas autonómicas galegas no grupo das máis baratas de toda España, un obxectivo que é posible grazas ao esforzo económico da Xunta de Galicia que destinará 6,2 millóns de euros para este fin.

O Goberno galego, con esta medida, permite que as tarifas base para o cálculo das peaxes do vindeiro ano non se actualicen respecto das vixentes en 2025, resultando para os usuarios as mesmas peaxes que ata agora.

Ademais continúa o réxime de bonificacións impulsadas pola Xunta nas autoestradas autonómicas, entre as que se atopan aquelas dirixidas a usuarios recorrentes, familias numerosas ou aqueles usuarios que aproveitan para circular en horario nocturno.

Estas medidas teñen como obxectivo beneficiar aos preto de 28.000 usuarios diarios destas vías autonómicas.

A conxelación das peaxes nas autoestradas autonómicas contrasta ademais co proceder do Goberno de España, presidido por Pedro Sánchez que, en sentido contrario, volveu a autorizar unha suba das peaxes nas autoestradas estatais, entre elas a AP-9, vía vertebral de Galicia, que se traduce nun encarecemento do seu prezo e que se consolide como unha das autoestradas máis cara de España.

Por Rubén Lorenzo Gómez
Asinado o día 09/01/2
15:15
Por José Luis Ferro Ig
Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 09/01/2026 ás
15:14
Por Carmen Pomar Tojo
Asinado o día 09/01/2026 ás
15:14
Por Roberto Rodríguez Martínez
CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44612
Data envio: 09/01/2026 15:21:08.991



É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora o feito de que as autoestradas autonómicas en Galicia sexan das máis baratas de España, mentres as autoestradas que dependen do Goberno de Pedro Sánchez se encarezan e consoliden a súa posición entre as máis caras de España?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44612
Data envio: 09/01/2026 15:21:08.991

Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 09/01/2026 15:14:32
Carmen Pomar Tojo na data 09/01/2026 15:14:38
José Luis Ferro Iglesias na data 09/01/2026 15:15:14
Cristina Campero Dorado na data 09/01/2026 15:15:32
Argimiro Marnotes Fernández na data 09/01/2026 15:15:41
Rubén Lorenzo Gómez na data 09/01/2026 15:15:48
Moisés Rodríguez Pérez na data 09/01/2026 15:16:04
Gonzalo Trenor López na data 09/01/2026 15:16:10
Katherinie Varela Fernández na data 09/01/2026 15:16:20

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44612
Data envio: 09/01/2026 15:21:08.991

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 15:21:10**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44615
Data envío: 09/01/2026 17:12:54.633

Por Rubén Lorenzo Gómez

Asinado o día 09/01/2
17:06
Por José Luis Ferro Ig

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Moisés Rodríguez Pérez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O Goberno de España leva meses anunciando a nova empresa pública estatal que agora xa conta con nome: “Casa 47”.  Con todo, detrás desta decisión o único claro é que o Ministerio de Vivenda acordou externalizar e poñer en mans privadas a xestión das 40.000 vivendas públicas da Sareb, cun custe económico importante, que ademais non contarán coa cualificación de vivenda de promoción pública.

Os demandantes desas vivendas terán que agardar aínda máis tempo a que se liciten e adxudiquen os contratos de xestión e se poña en marcha o sistema de alugueiros, no suposto de que se presenten empresas interesadas. Todo iso desaproveitando a oportunidade que suporía aceptar o que a Xunta leva anos reclamando: a cesión ás comunidades autónomas das vivendas e solos que se xestionarán a través deste novo portal, provenientes da Sareb.

A realidade amosa que as poucas vivendas que se cederon en usufruto ao Goberno galego foron inmediatamente adxudicadas, o mesmo que as que posteriormente se adquiriron. Polo tanto o Executivo estatal aposta por unha medida que retrasa ás solucións que en materia de vivenda reclama a cidadanía que fai do acceso a un futuro fogar unha das preocupacións máis importantes da cidadanía.

O Ministerio demostra con esta actitude unha falta absoluta de diálogo e escoita ás comunidades autónomas que, no caso de Galicia, levan anos reclamando a cesión gratuíta de todos estes activos para facer unha xestión de proximidade, mediante procedementos áxiles, transparentes, a través do Rexistro Público de Demandantes de Galicia e, o que non é menos importantes, garantir a súa cualificación pública protexida permanente.

Por Argimiro Marnotes Fernández

Asinado o día 09/01/2026 ás
17:05
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 09/01/2026 ás
17:05
Por Moisés Rodríguez Pérez

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44615
Data envío: 09/01/2026 17:12:54.633

PARLAMENTO DE GALICIA

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que opinión lle merece ao Goberno galego a negativa do Executivo estatal de aceptar a petición de Galicia que demandaba a cesión gratuíta de activos da Sareb á nosa comunidade e que, en paralelo, decida externalizar a xestión das vivendas públicas propiedade da sociedade?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44615
Data envio: 09/01/2026 17:12:54.633

Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 09/01/2026 17:05:22
Carmen Pomar Tojo na data 09/01/2026 17:05:53
José Luis Ferro Iglesias na data 09/01/2026 17:06:06
Cristina Campero Dorado na data 09/01/2026 17:06:20
Argimiro Marnotes Fernández na data 09/01/2026 17:06:29
Rubén Lorenzo Gómez na data 09/01/2026 17:06:37
Roberto Rodríguez Martínez na data 09/01/2026 17:06:52
Gonzalo Trenor López na data 09/01/2026 17:06:59
Katherinie Varela Fernández na data 09/01/2026 17:07:09

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44615
Data envio: 09/01/2026 17:12:54.633

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 17:12:58

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44618
Data envio: 09/01/2026 18:20:41.014

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Julio García Comesaña
Asinado o día 09/01/2 18:16 Por Rubén Lorenzo G
Por Víctor Baladrón Lamas
Asinado o día 09/01/2026 ás 18:15 Por Carmen Pomar Tojo
Asinado o día 09/01/2026 ás 18:15 Por José Luis Ferro Iglesias

**Á Mesa do Parlamento**

**José Luis Ferro Iglesias, Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

Nunha comparecencia a petición propia, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude anunciou no Pleno do Parlamento a vontade do Goberno galego de acadar un gran Pacto pola Lingua.

Hoxe, cumprindo coa súa palabra, o Goberno ten impulsado distintas iniciativas no marco do Pacto.

Desde reunións con todas as forzas políticas con representación parlamentaria, ata consultas con representantes de todos os sectores que participan activamente na promoción e a difusión da nosa lingua.

Neste senso, tamén se iniciaron os traballos para proceder á renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento na VI Lexislatura.

Para desenvolver estas tarefas, a Xunta de Galicia convocou a máis de 100 profesionais de diferentes ámbitos, que agora se distribúen en grupos de traballo coa ollada posta en adaptar o Plan á realidade social da Galicia de hoxe.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai o Goberno galego dos traballos que se están a desenvolver para a renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44618
Data envio: 09/01/2026 18:20:41.014

**Asinado dixitalmente por:**

**José Luis Ferro Iglesias na data 09/01/2026 18:15:47**
**Carmen Pomar Tojo na data 09/01/2026 18:15:57**
**Rubén Lorenzo Gómez na data 09/01/2026 18:16:08**
**María Felisa Rodriguez Carrera na data 09/01/2026 18:16:20**
**Víctor Baladrón Lamas na data 09/01/2026 18:16:31**
**Julio García Comesaña na data 09/01/2026 18:16:40**
**Patricia García González na data 09/01/2026 18:17:00**
**Raúl Santamaría González na data 09/01/2026 18:17:09**
**Cecilia Vázquez Suárez na data 09/01/2026 18:17:18**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44618
Data envio: 09/01/2026 18:20:41.014

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 18:20:43

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Risga é unha prestación que pode ser solicitada por persoas ou unidades de convivencia en situación de risco ou exclusión social que cumpran, entre outros, os requisitos de: residencia efectiva e legal en Galicia, idade entre 25 e 65 anos, ingresos inferiores aos límites establecidos en función do número de membros da unidade de convivencia e con unha avaliación previa dos servizos sociais municipais que determine a situación de exclusión.

As contías calcúlanse en función do tamaño da unidade de convivencia, os ingresos totais desa unidade e os diferentes tramos que se poidan aplicar (como inserción, complemento de alugueiro, etc.)

Tomando coma base o IPREM, para o 2025 as achegas variaron entre 469,20 euros a 840 euros.

As contías calcúlanse en función de:

1. O tamaño da unidade de convivencia.
2. Os ingresos totais desa unidade.
3. Diferentes tramos que se poidan aplicar (como inserción, complemento de alugueiro, etc.).

Fóra diso, hai complementos por inserción (p. ex., 90€ ou 210€/mes se se participa en formación) e un tramo de transición ao emprego cando se consegue traballo. Así como hai que cumprir coas diferente obrigas da persoa beneficiaria que debe participar nas medidas de inserción, comunicar os

Asinado o día 09/01/2026 ás 18:27
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 09/01/2026 ás 18:27
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44623
Data envío: 09/01/2026 18:29:37.086



cambios de situación, destinar o diñeiro ás finalidade para as que foi concedida e non exercer actividades ilegais ou en economía sumerxida.

Pois ben, desde a implantación do Ingreso Mínimo Vital, o número de persoas que perciben a Risga en Galicia descendeu de modo significativo, xa que moitas familias optan primeiro ao IMV.  E a Risga é subsidiaria a ese, xa que a lexislación establece que non se pode cobrar a Risga se xa se recibe outra prestación igual ou superior. Isto non significa que deixase de ser útil, dado que dá acceso a medidas de acompañamento e formación.

Pois ben, coñecido a cometido desta prestación e tamén o descenso experimentado pola introdución do IMV, rexístranse retrasos na hora de tramitar esta prestación; dándose o caso de varia familias que levan esperando pola resolución do RISGA máis de 5 meses. Este retraso supón un deterioro exponencial no ámbito das persoas solicitantes, lastrando a finalidade do recurso e mesmo sometendo ás familias a situación de inseguridade e falta de apoio nunha situación que estímase límite.

Por tal motivo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cando estima a Xunta de Galicia que axilizará a tramitación do Risga en beneficio das familias que se atopan en risco de exclusión?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44623
Data envio: 09/01/2026 18:29:37,086

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 18:27:27**

**Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 18:27:33**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44623
Data envio: 09/01/2026 18:29:37.086

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 18:29:37**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os servizos de urxencias dos hospitais galegos están a vivir unha situación xeneralizada de sobresaturación que, en numerosos casos, deriva nun auténtico colapso asistencial. Esta realidade ten consecuencias directas no funcionamento ordinario do sistema sanitario público e na atención que recibe a cidadanía.

No Hospital Montecelo, a presión asistencial nas urxencias chegou a ser tal que se fixo necesaria a reprogramación de intervencións cirúrxicas non urxentes. En Santiago de Compostela, con máis de 500 persoas atendidas nun só día e pacientes permanecendo en corredores, tamén se puxo de manifesto a sobrecarga que soportan estes servizos. Pola súa banda, o persoal sanitario do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña vén denunciando o colapso grave nas urxencias, con doentes atendidos en corredores, falta de camas dispoñibles e tempos de espera claramente inasumibles.

Estes exemplos ilustran unha problemática que afecta ao conxunto do sistema sanitario galego, aínda que é a área sanitaria de Vigo a que está a asumir a maior presión asistencial. Alí, a gravidade da situación levou aos traballadores e traballadoras dos servizos de urxencias a convocar paros diarios como forma de protesta ante un escenario que consideran insostible e que require respostas inmediatas por parte da Xunta de Galicia.

O Conselleiro confirma que a incidencia da gripe provocou un incremento da taxa de hospitalización en todas as áreas sanitarias, sendo a área de Ourense-

Asinado o día 09/01/2026 ás 18:53
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 09/01/2026 ás 18:53
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44629
Data envio: 09/01/2026 18:55:33.622

Verín e O Barco a que rexistra o maior número de ingresos. Tamén achega datos que indican que na segunda quincena de decembro se rexistraron máis de 50.000 urxencias hospitalarias.

Non obstante, o máis preocupante é que o Conselleiro, na súa comparecencia do 8 de xaneiro, afirmou que o sistema respondeu “con normalidade e sen incidencias destacables”, mantendo “todos os medios operativos”.

A realidade obriga, con todo, a apartar os mensaxes triunfalistas da Xunta e do Conselleiro de Sanidade e a analizar con rigor a situación actual. É certo que a gripe ten impacto nos servizos de urxencias hospitalarios, pero tamén é innegable que estes servizos sufriron problemas de forma habitual, debido a unha paradoxa non nova: menos consultas en atención primaria e maior presión sobre as urxencias hospitalarias.

Pedimos que a Xunta sexa consciente da realidade das urxencias hospitalarias: saturacións permanentes, atrasos na atención, hacinamento de persoas enfermas, deterioro progresivo da calidade asistencial e sobresaturación do persoal sanitario.

A solución non pode recaer exclusivamente no esforzo persoal e na improvisación permanente. Un modelo destas características resulta claramente insostible no tempo e evidencia a necesidade urxente de adoptar medidas estruturais que garantan unha atención nas urxencias sanitaria segura e de calidade.

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Está disposta a Xunta de Galicia a presentar no prazo de 3 meses e con dotación orzamentaria definitiva, un plan integral de actuación para os servicios de urxencias dos hospitais públicos galegos que contemplen un reforzo estrutural e suficiente dos recursos humanos necesarios para poñer fin á sobrecarga asistencial?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44629
Data envio: 09/01/2026 18:55:33.622

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 18:53:43**

**Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 18:53:49**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44629
Data envio: 09/01/2026 18:55:33.622

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 18:55:34

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44633
Data envío: 09/01/2026 20:10:25.209

PARLAMENTO DE GALICIA

Por José Luis Ferro Iglesias
Asinado o día 09/01/2
20:03
Por Rubén Lorenzo G
Por Víctor Baladrón Lamas
Asinado o día 09/01/2026 ás
20:03
Por Carmen Pomar Tojo
Asinado o día 09/01/2026 ás
20:02
Por Nicole Grueira Fernández

**Á Mesa do Parlamento**

**Nicole Grueira Fernández, Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O problema do acceso á vivenda é unha realidade que afecta ao conxunto da sociedade, pero que incide de maneira máis intensa na xuventude, dificultando a súa emancipación, o desenvolvemento de proxectos vitais e, en xeral, o seu futuro.

O papel das administracións públicas resulta clave para erradicar este problema e garantir o acceso a unha vivenda digna e adecuada, especialmente para a xuventude, impulsando medidas que faciliten tanto o alugueiro a prezos accesibles como o acceso á compra do futuro fogar.

Neste sentido, a Xunta de Galicia está a demostrar un compromiso firme coa xuventude, desenvolvendo políticas públicas que ofrecen recursos necesarios para facilitar a emancipación dos máis novos nas melloras condicións.

Ao mesmo tempo, resulta evidente a ausencia de políticas en materia de vivenda a nivel estatal serias, coordinadas e comprometidas coa realidade xuvenil. A día de hoxe, botamos en falta medidas do Goberno central que complementen de xeito eficaz as iniciativas autonómicas, especialmente programas estruturados que favorezan a emancipación, a adquisición de vivenda e o acceso a alugueiros accesibles para mozos e mozas en toda España.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que medidas concretas está a desenvolver a Xunta de Galicia para facilitar o acceso da mocidade galega á vivenda?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44633
Data envio: 09/01/2026 20:10:25.209

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 09/01/2026 20:02:52
Carmen Pomar Tojo na data 09/01/2026 20:03:11
Rubén Lorenzo Gómez na data 09/01/2026 20:03:28
María Felisa Rodriguez Carrera na data 09/01/2026 20:03:39
Víctor Baladrón Lamas na data 09/01/2026 20:04:03
José Luis Ferro Iglesias na data 09/01/2026 20:04:16
Julio García Comesaña na data 09/01/2026 20:04:25
Patricia García González na data 09/01/2026 20:04:54
Raúl Santamaría González na data 09/01/2026 20:05:10
Cecilia Vázquez Suárez na data 09/01/2026 20:05:21

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44633
Data envio: 09/01/2026 20:10:25.209

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 20:10:28**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44635
Data envío: 09/01/2026 20:24:10.283

PARLAMENTO DE GALICIA

Por José Luis Ferro Iglesias

Asinado o día 09/01/2 20:17
Por Rubén Lorenzo G

**Á Mesa do Parlamento**

**Nicole Grueira Fernández, Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A xuventude galega representa un activo esencial para o desenvolvemento económico, social e cultural de Galicia. O talento, a formación académica e o espírito emprendedor da mocidade galega son unha ferramenta clave para dinamizar o mercado laboral e fortalecer o tecido empresarial e o futuro da nosa Comunidade.

O Goberno galego, a través das súas políticas de emprego, formación e emprendemento, ten a capacidade de potenciar estas fortalezas, facilitando que mozos e mozas poidan desenvolver as súas capacidades, acceder a empregos de calidade e participar activamente no desenvolvemento de Galicia.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que medidas está a poñer en marcha a Xunta de Galicia para potenciar e apoiar o acceso da xuventude galega ao mercado laboral?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2026

Por Víctor Baladrón Lamas

Asinado o día 09/01/2026 ás 20:17
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 09/01/2026 ás 20:17
Por Nicole Grueira Fernández

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44635
Data envio: 09/01/2026 20:24:10.283

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 09/01/2026 20:17:09
Carmen Pomar Tojo na data 09/01/2026 20:17:16
Rubén Lorenzo Gómez na data 09/01/2026 20:17:50
María Felisa Rodriguez Carrera na data 09/01/2026 20:17:58
Víctor Baladrón Lamas na data 09/01/2026 20:18:07
José Luis Ferro Iglesias na data 09/01/2026 20:18:29
Julio García Comesaña na data 09/01/2026 20:18:37
Patricia García González na data 09/01/2026 20:18:44
Raúl Santamaría González na data 09/01/2026 20:19:15
Cecilia Vázquez Suárez na data 09/01/2026 20:19:24

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44635
Data envio: 09/01/2026 20:24:10.283

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 20:24:11**

CSV: BOPGDSPG-fI0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44650
Data envio: 10/01/2026 17:48:24.725



Por Julio García Comesaña
Asinado o día 10/01/20
Por María Felisa Rodri
Carrera

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O 19 de novembro de 2024 foi aprobado no Parlamento de Galicia o Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, logo dun amplo proceso de diálogo entre os principais actores do sector e a administración.

Coa intención de conciliar a cultura coa realidade das múltiples diferenzas que presentan as persoas, con especial atención naquelas que pertencen a colectivos cuxa desvantaxe social supón un verdadeiro atranco no ámbito cultural, naceu a Lei 3/202, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia 238 do 11 de decembro de 2024.

O texto, aprobado sen votos en contra, recolle no seu articulado o mandato para crear o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia:

*"Artigo 22. Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia*

> *1. Crearase o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia, como órgano colexiado de asesoramento e de participación institucional que dependerá da consellaría con competencias en materia de cultura, coa participación doutros órganos da Xunta de Galicia que se determinen regulamentariamente, en particular do competente en materia de política social, así como doutras administracións públicas, de entidades privadas do tecido asociativo cultural e das industrias culturais.*
>
> *2. Serán obxectivos do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia a observancia e o seguimento do cumprimento desta norma, a análise e avaliación das necesidades, a participación institucional e a emisión de propostas de actuación en materia de inclusión e de accesibilidade no conxunto de ámbitos da cultura de Galicia."*

Por José Luis Ferro Iglesias
Asinado o día 10/01/2026 ás 17:43
Por Rubén Lorenzo Gómez
Asinado o día 10/01/2026 ás 17:43
Por Carmen Pomar Tojo
CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44650
Data envio: 10/01/2026 17:48:24.725

Do mesmo xeito, a disposición derradeira primeira recolle o prazo para a creación do devandito órgano:

*"Disposición derradeira primeira.*

> *Prazo para crear o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, desenvolverase a normativa necesaria para crear o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia."*

Cando non transcorreron nin tres meses desde a súa publicación, o Consello da Xunta, na súa reunión do 17 de marzo de 2025, informou sobre o inicio da tramitación do Anteproxecto de decreto polo que se regula a composición e funcionamento do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que accións desenvolve o Goberno galego para o impulso do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44650
Data envio: 10/01/2026 17:48:24.725

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 10/01/2026 17:43:40**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 10/01/2026 17:43:48**

**María Felisa Rodriguez Carrera na data 10/01/2026 17:43:56**

**Víctor Baladrón Lamas na data 10/01/2026 17:44:05**

**José Luis Ferro Iglesias na data 10/01/2026 17:44:26**

**Julio García Comesaña na data 10/01/2026 17:44:43**

**Patricia García González na data 10/01/2026 17:44:50**

**Raúl Santamaría González na data 10/01/2026 17:45:12**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2026 17:45:22**

CSV: BOPGDSPG-fl0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44650
Data envio: 10/01/2026 17:48:24.725

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/01/2026 17:48:28

CSV: BOPGDSPG-fI0vxAiWx-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44652
Data envío: 10/01/2026 18:10:27.941

Por Julio García Comesaña

Asinado o día 10/01/20
Por María Felisa Rodri
Carrera

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O forte compromiso do Goberno galego co sector escénico vese reflectido nas numerosas axudas que a Xunta de Galicia leva impulsando nos últimos anos. Proba deste compromiso atopámolo, por exemplo, na convocatoria de axudas para as actividades de creación de artes escénicas, coa prioridade de favorecer a categoría de proxectos plurianuais, que tan boa recepción teñen no sector.

